

ANEXO VI

PROGRAMA DE ACOLLIDA IES DE MEAÑO



2020/21

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

1. Novas normas de organización e funcionamento do centro.
2. Actuacións de prevención, hixiene e protección.
3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O equipo directivo procedeu á elaboración do "**Plan de Adaptación á situación Covid do IES de Meaño**" documento no que se detallan os aspectos fundamentais deste "**Plan de Acollida**" de xeito pormenorizado e preséntao á comunidade educativa na data abaixo indicada para que realice as achegas previamente á celebración do Consello Escolar no que se tratará **a súa aprobación**.

Data presentación a comunidade educativa	09/09/20
Data de aprobación polo Consello Escolar	18/09/20

1. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

O "Plan de adaptación á situación Covid-19 do IES de Meaño" implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro, polo que dito plan será anexado as NOF do centro.

Nesta presentación reflectimos as máis salientables e como será a rutina diaria no centro en aras da seguridade e hixiene fronte ao Covid-19

Os cambios nas normas de organización e funcionamento do centro están explicadas de xeito pormenorizado nese Plan que pode consultarse na web do centro.

De todas formas achégase un resumo das novas normas mediante a **presentación O IES de MEAÑO en tempos de Pandemia**, que serve de resumo para a comunidade educativa de como será o día a día no centro.

2. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

As actuacións no que a prevención, hixiene e protección se van a levar a cabo no IES de Meaño, están explicadas de xeito pormenorizado no “**Plan de Adaptación á situación Covid do IES de Meaño**” que, como xa se dixo, pode consultarse na web do centro.

De todas formas, a continuación se resumen as medidas máis relevantes de prevención, hixiene e protección do centro:

- **NON acudir ao centro se temos síntomas**, estamos en corentena agardando o resultado da proba Covid ou tivemos contacto estreito con unha persoa que teña síntomas.
- Uso de **máscara obrigatoria** (o alumnado debe traer unha de reposto)
- **Distancia interpersonal** de 1,5m nas aulas, recreos e desprazamentos polo centro. Isto require do compromiso e sentido da responsabilidade toda a comunidade educativa.
- **Hixiene de mans** á hora da entrada e saída do centro, nos recreos e en cada cambio de aula.
- **Ventilación** sistemática das aulas, cun procedemento de ventilación e un checklist de comprobación.
- “**Espazos de Convivencia**”, nos que o alumnado estará separado por niveis educativos nos tempos de lecer e nos que ten que agardar a entrada ao centro. Neste espazos de convivencia hai que **manter a distancia de seguridade**.
- **Entradas e saídas** do centro e nos recreos por **quendas** e por dúas **portas diferentes**.
- En **todas as aulas** haberá **dispensadores automáticos de xel hidroalcohólico**, solución **desinfectante**, **panos desbotables** e **papeleira de pedal con tapa**. Nos **aseos** haberá **xabón líquido**
- **Pupitres individualizados e asignados para todo o curso**.
- “**Procedemento de cambio de aula**”: aínda que como norma xeral e sempre que se poida se evitarán os cambios de aula, existen momentos nos que isto é inevitable, e para esas circunstancias temos un procedemento claro.
- **Incremento das medidas de limpeza/desinfección**: Desinfección diaria dos pupitres, aulas, zonas comúns, superficies de contacto habituais, aseos 2 veces diarias, ventilación, etc.
- **Sinalización** por todo o centro **dos sentidos de circulación e das medidas de prevención**.
- **Obradoiros de hixiene e saúde** cos alumnos para asentar: procedementos e rutinas no centro, manipular correctamente as máscaras, responsabilidade individual.
- **Equipo de Alumnado “Sentidiño”**: Alumnado como axentes activos na concienciación a toda a comunidade educativa de condutas responsables de cara a seguridade e hixiene.
- Instalación de **mamparas** en diferentes espazos do centro (conserxería, cafetería e aula informática)
- Posibilidade de uso de **pantallas de protección** no caso de atención ao alumnado con NEE.

3. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

Formación do profesorado:

- O profesorado do IES de Meaño leva as costas unha importante formación no que a competencia dixital se refire nos últimos anos; de todas formas, como ven sendo habitual, realizaremos **“Cursos de actualización TAC” en xuño e setembro** para o profesorado, orientados a actualizar os coñecementos neste eido.
- Todo o profesorado terá creado un **curso na Aula Virtual/Edixgal ou Classroom** do centro para poder abordar con garantías un escenario no que o alumnado non puidese acudir ao centro debido a causas relacionadas co Covid-19.
- Realizaranse simulacros co profesorado acerca dos diferentes protocolos de actuación que aparecen no **“Plan de Adaptación á situación Covid do IES de Meaño”**.

Formación do alumnado

- O alumnado do IES de Meaño recibe ao longo do seus estudos no centro unha formación no que a competencia dixital se refire moi importante. Estamos no **proxecto Edixgal**, polo que todo o alumnado de 1º e 2º ESO dispón do seu propio portátil, ademais da súa conta de correo de Gsuite para centros educativos, que lle permite dispoñer de ferramentas moi útiles para fomentar o traballo autónomo, cooperativo e non presencial.
- Realizaranse simulacros co alumnado acerca dos diferentes protocolos de actuación que aparecen no **“Plan de Adaptación á situación Covid do IES de Meaño”**.
- **As primeiras semanas de curso o profesorado realizará simulacros** con todo o alumnado ao que lle imparta clase, para o traballo a través da Aula Virtual/Edixgal ou Classroom. Enviándolle tarefas (poden ser simuladas) por estes medios e verificando que o alumnado sabe traballar nestas plataformas e ten posibilidade de conectividade.
- O profesorado, coordinado polo equipo de biblioteca, traballará a Alfabetización dixital do alumnado a través do PDI do centro.
- O equipo TIC impartirá uns obradoiros os primeiros días de clase sobre a correcta utilización da conta corporativa do centro e das Aulas Virtuais/Edixgal.
- Alumnado voluntario de 2º impartirá ao alumnado de 1º un obradoiro sobre o uso da Aula Virtual/Edixgal (durante o 1º trimestre).
- O alumnado da materia de TIC impartirá obradoiros de Classroom, Gmail e Drive ao resto do alumnado do centro (durante o 1º trimestre).

Formación das Familias

- Realizarase unha formación coas familias do alumnado de 1º ESO que chegan ao centro, sobre o funcionamento xeral do centro, Abalar móbil e o procedemento de traballo en caso de ensino non presencial.

- Colgaranse na web do centro titoriais sobre o traballo coa Aula Virtual /Edixgal, Classroom e Abalar móbil.
- O alumnado de TIC creará titoriais para as familias sobre o xeito de traballo en caso de ensino non presencial

4. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

A) PROGRAMA DE ACOLLIDA E ACOMPAÑAMENTO EMOCIONAL DO ALUMNADO

Dadas as circunstancias sanitarias e a necesidade de formar correctamente ao alumnado nos diferentes procedementos relacionados co **“Plan de Adaptación á situación Covid do IES de Meaño”**, a acollida ao alumnado farase de xeito graduado, como pode verse no seguinte cadro:

INICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA		
CURSO	DIA	HORA
1º ESO	MÉRCORES 23/ 09/ 2020	9:00h
2º ESO	XOVES 24/ 09/ 2020	9:00h
3º ESO	VENRES 25/ 09/ 2020	9:00h
4º ESO	VENRES 25/ 09/ 2020	11:00h

- O primeiro día o único material que precisan é un caderno e un bolígrafo.
- O alumnado de 2º ESO traerá o primeiro día o seu ultraportatil cargado.
- O servizo de transporte funcionará de xeito habitual (pódense consultar paradas e itinerarios na web do centro).
- O alumnado de 4º non poderá acudir ao centro antes das 11h do venres 25.
- O segundo día de clase de cada nivel, o alumnado incorporárase no horario habitual.

Ademais de prestar especial atención á acollida do noso alumnado, a través do “Plan de Acción tutorial”, levaranse a cabo **actividades encamiñadas a axudar ao alumnado a procesar e integrar o impacto das vivencias como consecuencia da Covid-19 e a promover a resiliencia.**

- **Buzón de Convivencia:** Poremos en marcha un buzón real/virtual para que o alumnado poida expresar as inquietudes relacionadas coa convivencia no centro.
- **Alumnado Titor:** O alumnado de 1º da ESO terá un alumno titor de 3º da ESO
- **IMPLICAR AO ALUMNADO - “EQUIPO SENTIDIÑO”:** Grupo de alumnos encargados de sensibilizar e concienciar a comunidade educativa sobre a necesidade de seguir as normas de seguridade e hixiene no que ao Covid se refire.

A continuación describense as actividades para o primeiro día de incorporación do alumnado:

• XORNADA DE ACOLLIDA AO ALUMNADO DE 1º ESO

HORA	ACTIVIDADE	LUGAR	RESPONSABLES
9:00-9:45	R N Recibimento e benvida. Normas de organización e funcionamento do centro. Agrupamento de alumnado en titorías	Pavillón	Equipo directivo
9:45-10:45	1º A: Taller Edixgal/ Gmail	Aula	Javier/César
	1ºB: Simulacros: entrada e saída; cambios de aula, recreos e cafetería.	Aula-Centro	Fernando/Mari Profesorado dispoñible
	1º C: Dinámicas de presentación e cohesión grupal: rolda de presentacións, .bingo	Patio	Cris Belén
10:45-11:00	RECREEO		
11:00-12:00	1º C: Taller Edixgal/ Gmail	Aula	Javier/César
	1º A: Simulacros: entrada e saída; cambios de aula, recreos e cafetería.	Aula-Centro	Fernando/Mari Profesorado dispoñible
	1ºB: Dinámicas de presentación e cohesión grupal: rolda de presentacións, bingo.	Patio	Cris Belén
12:00-13:00	1º B: Taller Edixgal/ Gmail	Aula	Javier/César
	1ºC: Simulacros: entrada e saída; cambios de aula, recreos e cafetería.	Aula-Centro	Fernando/Mari Profesorado dispoñible
	1ºA: Dinámicas de presentación e cohesión grupal: rolda de presentacións, bingo.	Patio	Cris Belén
13:00-13:30	RECREEO		
13:30-15:10	TITORÍAS <ul style="list-style-type: none"> • Normas de aula • Entrega de horario e axendas • Concurso de preguntas sobre protocolo covid • Cuestionario situación emocional 	Aula	Titores

• XORNADA DE ACOLLIDA AO ALUMNADO DE 2º ESO

HORA	ACTIVIDADE	LUGAR	RESPONSABLES
9:00-9:45	Recibimento e benvida. Normas de organización e funcionamento do centro. Agrupamento de alumnado en titorías	Pavillón	Equipo directivo
9:45-10:40	2º A: Taller Edixgal/ Gmail. Asignación de Ultraportátiles	Aula	Javier/César
	2º B: Simulacros: entrada e saída; cambios de aula, recreos e cafetería.	Aula- Centro	Fernando/Mari Profesorado dispoñible
	2º C: Dinámicas de cohesión grupal: rolda de presentacións, bingo.	Patio	Cris Belén
10:40-10:55	RECROO		
10:55-11:45	2º C: Taller Edixgal/ Gmail	Aula	Javier/César
	2º A: Simulacros: entrada e saída; cambios de aula, recreos e cafetería.	Aula- Centro	Fernando/Mari Profesorado dispoñible
	2º B: Dinámicas de presentación e cohesión grupal: rola de presentacións, bingo.	Patio	Cris Belén
11:45-12:35	2º B: Taller E-dixgal/ Gmail	Aula	Javier/César
	2ºC: Simulacros: entrada e saída; cambios de aula, recreos e cafetería.	Aula- Centro	Fernando/Mari Profesorado dispoñible
	2º A: Dinámicas de presentación e cohesión grupal: rola de presentacións, bingo.	Patio	Cris Belén
12:35-12:55	RECROO		
12:55-14:35	TITORÍAS <ul style="list-style-type: none"> • Normas de aula • Entrega de horario e axendas • Concurso de preguntas sobre protocolo covid • Cuestionario situación emocional 	AULA	TITORES

• **XORNADA DE ACOLLIDA AO ALUMNADO DE 3º e 4º ESO**

HORA	ACTIVIDADE	LUGAR	RESPONSABLES
9:00-9:45	Recibimento e benvinda ao alumnado de 3º ESO Normas de organización e funcionamento do centro. Agrupamento de alumnado en titorías	Pavillón	Equipo directivo
9:45-10:40	3º ESO: Simulacros: entrada e saída; cambios de aula e recreos e cafetería	Aula-Centro	Fernando/Mari/ Profesorado dispoñible
10:40-10:55	RECREO		
10:55-11:45	Recibimento e benvinda ao alumnado de 4º ESO Normas de organización e funcionamento do centro. Agrupamento de alumnado en titorías	Pavillón	Equipo directivo
	3º ESO: TITORÍA <ul style="list-style-type: none"> • Normas de aula • Entrega de horario e axendas • Concurso de preguntas sobre protocolo covid • Cuestionario situación emocional 	Aula	Titor/a
11:45-12:35	4º ESO: Simulacros: entrada e saída; cambios de aula e recreos e cafetería	Aula-Centro	Fernando/Mari Profesorado dispoñible
	3º ESO: Clase	Aula	Profe materia
12:35-12:55	RECREO		
12:55-13:45	3º ESO e 4ºESO: Clase	Aula	Profe materia
13:45-14:35	3º ESO e 4ºESO: Clase	Aula	Profe materia

B) PROGRAMA DE ACOLLIDA ÁS FAMILIAS

- MARTES, 22: xornada de acollida para as FAMILIAS do novo ALUMNADO DE 1º ESO as 19:30h no pavillón do centro.
 - [Díptico informativo](#)
- Vídeos explicativos da organización e funcionamento do centro (protocolo Covid).
- Plan de Continxencia.
- Obradoiro Abalar Móbil.